

Expediente IET: P-21-753
Plan ou programa: Proxecto de interese autonómico do
parque eólico Suíme
Concello: Rodeiro (Pontevedra)
Promotor: Greenalia Wind Power, S.L.U.

INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE PAISAXE SOBRE O PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO DO PARQUE EÓLICO SUÍME

De acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia e co artigo 41.1 do Regulamento que a desenvolve, con data do 27/01/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o Proxecto de interese autonómico do parque eólico Suíme.

1. Antecedentes:

Con data do 14/12/2021, o IET emitiu un informe sobre este proxecto de interese autonómico (PIA), de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia e co artigo 41.1 do Regulamento da Lei 7/2008. Nese informe concluíase que de acordo co artigo 35.1 do Regulamento da Lei 7/2008, o PIA tiña que incorporar un estudo de paisaxe. Non obstante, tal e como dispón o segundo parágrafo do mencionado artigo 35.1, ao someterse simultaneamente o proxecto técnico a avaliación de impacto ambiental ordinaria, o contido do estudo de paisaxe poderá coincidir co estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) do proxecto técnico.

De forma simultánea estase desenvolvendo o procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria do proxecto técnico deste parque eólico, no marco do cal o IET emite un segundo informe sobre o EIIP nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe. Emítese de acordo co que dispoñen os artigos 41 e 42 do Regulamento da Lei 7/2008, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro). De acordo coa disposición transitoria única do Decreto 238/2020, ao non ter acadado a aprobación provisional antes da entrada en vigor das Directrices de paisaxe, este PIA debe adaptar as súas determinacións a elas, sen que iso implique a necesidade dunha nova información pública.

3. Informe:

Os principais impactos do PIA sobre a paisaxe producíranse debido á intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores nunha zona de montes con amplas vistas derivadas da altitude e a suavidade do relevo circundante, e a incidencia acumulada pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou que se están a tramitar nas proximidades, algúns deles localizados a curta distancia. Así mesmo, producíranse



incidencias visuais sobre o Camiño de Santiago (Camiño de Inverno), afectando, ademais, a outros elementos de valor paisaxístico, como son os muros tradicionais de pedra que caracterizan as escenas agrarias da comarca.

A documentación achegada pola empresa promotora correspóndese co EIIP do proxecto técnico.

Coa inclusión do EIIP no PIA pode considerarse cumprimentado o disposto no segundo parágrafo do artigo 35.1 do RLPPG.

En todo caso, para atenuar as afeccións á paisaxe deberanse adoptar, ademais das medidas preventivas e correctoras propostas pola empresa promotora, aquelas outras medidas de integración paisaxística que se sinalan no informe do IET sobre o proxecto técnico.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

